

Unha urna cineraria romana de Astorga no Museo de San Antón (A Coruña)

FERNANDO ACUÑA CASTROVIEJO*

Sumario

Dase conta dunha urna cineraria de vidro e chumbo de época romana atopada nas cercanías de Astorga en 1888. Faise un recorrido polas vicisitudes polas que pasou tras formar parte da colección Blanco-Cicerón e da ignorancia bibliográfica sufrida tralas informacións pioneiras de Marcelo Macías en 1903, ata o seu destino final no Museo de San Antón na Coruña no ano 1983.

Abstract

In this article we talk about a funerary urn of glass and iron, from the Roman Era, found near Astorga in 1888. It becomes a journey through the vicissitudes through which it passed after being part of the collection Blanco-Cicerón and the ignorance that suffered after the bibliographic pioneer information of Marcelo Macías in 1903, until to its final destination at the Museum of San Antón in Corunna in 1983.

INTRODUCCIÓN

A peza obxecto deste estudio, formou parte da colección Blanco-Cicerón¹, sendo adquirida polo fundador, D. Ricardo, a principios do século XX². Dende entón, ata que pasou ao Museo Histórico-Arqueolóxico do Castelo de San Antón, na Coruña, estivo en poder do seu propietario e posteriormente pasou aos herdeiros ata que no ano 1983 ingresou no Museo, xunto con outros obxectos moi diversos pertencentes á dita colección³.

Agás a primeira publicación⁴, ningún investigador, que saibamos, se interesou por ela. Coidamos de relevancia dala a coñecer, pois ninguén volveu sobre o orixinal e, nesta contribución, pódese aportar unha serie de correspondencia⁵ e datos novos que enriquezan o estudo e poñan a disposición da comunidade científica este valioso documento altoimperial.

* **Fernando Acuña Castroviejo** é catedrático xubilado de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. É membro numerario da Real Academia Galega de Belas Artes, vicepresidente primeiro do Patronato do Museo do Pobo Galego e correspondente da Real Academia Galega.

1 Esta colección foi a mais importante de Galicia e unha das de España, formada entre os séculos XIX e XX. Sobre o coleccionismo en Galicia nesa época, a colección Blanco-Cicerón e o seu creador, o traballo mais completo en Acuña 2013.

2 M. Macías di que foi adquirida 4 ou 5 anos despois do achado (Macías 1903, p. 176) polo que nos situaríamos aorredor do 1902 como data aproximada para a incorporación á colección. Aparte desto hai un artigo de prensa do propio Macías, publicado polas datas da descuberta, no xornal *La Luz de Astorga* dando conta do achado.

3 Según documentos que obran no Museo. Agradecemos ao seu Director José María Bello Diéguez e a conservadora Ana Martínez Arenaz a colaboración prestada nesta investigación.

4 Foi Marcelo Macías na súa obra do 1903, publicada con anterioridade no BCMO. Hai que indicar que a data real de aparición cecais sexa posterior, xa que polas cartas conservadas nas que se solicitan datos para a publicación así pódese inferir (véxanse anexos).

5 No Fondo Blanco-Cicerón, depositado no Museo do Pobo Galego, existen unha serie de cartas alusivas (véxanse anexos).



Foto 1.- Vistas das pezas (R. Casal).

CIRCUNSTANCIAS DO ACHADO

O conxunto apareceu en novembro de 1888, ao practicar traballos de replanteo para a vía férrea de Astorga a Plasencia no lugar denominado Prado Ortoño a 1 km. da primeira cidade⁶.

Formaba parte dunha necrópole, xa que aparte dunhas urnas esféricas de vidro e de barro «ordinario», habíaas de pedra de forma rectangular, coa tapa en forma de tellado a dúas augas e outras de mármore esféricas, cadradas ou figurando un monumento arquitectónico e decoradas con figuras e relevos, xunto coa cartela na que se inscribía o nome da persoa difunta. De todo o conxunto, o único conservado é o material que aquí se trata⁷.

O primeiro, e o único polo dagora, en dar cumprida información deste conxunto arqueolóxico foi, como xa indicamos, Marcelo Macías, e todos os que o sucederon, que foron poucos, limitáronse a copialo, extractalo e a non citalo na maior parte das veces⁸. Despois destas referencias, que engado en notas, silencio absoluto ata hoxe.

Figurou na Exposición Regional Gallega de 1909⁹.

6 Os datos aquí referidos proceden de Macías 1903, p. 175-177

7 Aparte das referencias citadas na nota 2 hai un informe do Coronel Justo Torres Nadal, datado en Astorga o 24 de setembro de 1889, no que da conta do achado e que aparece reproducido en Macías (1903) p. 176 (orixinal no Museo de San Antón)

8 É o caso de Luengo (1962), quen na p. 161 refire o achado copiando de Macías; Mañanes (1983) nas páxs. 146-151 fala dos obxectos de vidro e chumbo e refírese a Macías e Luengo, así como á colección dunha forma moi confusa que non aclara nada. En troques García / González (2002) na p. 154 citan brevemente a Macías, pero non mencionan onde está a peza.

9 Esta Exposición de gran relevancia no seu momento, non só se circunscibiu á Galicia senon que contou con materiais procedentes do que poderíamos denominar a antiga *Gallaecia*. Precisamente Ricardo Blanco-Cicerón foi un dos que tivo un papel destacado na súa xénese e desenvolvemento. Sobre todo esto, vid. VV.AA. 2010 e Acuña /Casal 2013.

DESCRICIÓN

Tipoloxía:

Vaso esférico de vidro azulado de corpo globular sen asas¹⁰.

Recipiente de chumbo ovoide.

Conservación:

Museo Histórico-Arqueolóxico de San Antón, A Coruña.

Nº de inventario: 1088.

Dimensións:

Vidro: altura: 0,20. Diámetros: boca: 0,16; base: 0,11, máximo: 0,20.

Chumbo¹¹: altura: 0,21; tapa 0,23; fondo 0,13, boca: 0,22.

Estado de conservación:

O vidro en excelente estado o mesmo que o envase de chumbo. Únicamente a tapadeira deste último presenta deterioros en parte do borde.

Procedencia:

Prado Ortoño, Astorga

PARALELOS

Dentro de Hispania existen moitas referencias a achados deste tipo entre os que podemos citar Ampurias (Oliva 1950, fig. 121, nº 709, p. 273), Cádiz (López 2000, p. 111-116), Puig des Molins (Miguélez 1989, p. 61-63), Córdoba (Salinas 2003, p.82-84), Conímbriga (Alarcão), e o importante conxunto de 20 exemplares conservado no MAN, que vén sendo unha radiografía de distintos puntos peninsulares (Martín 2000)¹².



Fotos 2 e 3.- Vistas das pezas (R. Casal).

10 Corresponde ao tipo Isings 67a (Isings 1957, 86-87)

11 Sería de interese realizar unha analítica algo que hoxe, dado o avanzado dos estudos arqueométricos permiten. Polo aspecto externo non parece ser de chumbo exclusivamente.

12 Boa mostra d isto é que alí existen exemplares procedentes de Barcelona, Baelo, Palencia e Vega del Mar, ademais de 6 posiblemente de Italia e de orixe descoñecido, sen contar as de Astorga e Puente Muhey xa citadas.

Da comarca na que apareceu, hai constancia de achados en Astorga (Martín 2000, nº 4) e Puento de Muhey (Martín 2000, nº 20). Asímesmo, na *Real Academia de la Historia* existen informes das escavacións practicadas co gallo dunhas plantacións de árbores no termo de San Justo na estrada Astorga-León¹³.

En troques, dentro do territorio da *Gallaecia*, non temos datos da súa aparición nos conventos lucense e bracarense e tampouco no actual ámbito astur¹⁴.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Este de tipo de recipientes usados como furnas funerarias, tanto de vidro e chumbo conxuntamente como independentemente, así como a súa cronoloxía entre a época xulio-claudia e o século II, son suficientemente coñecidos na bibliografía arqueolóxica, polo que non me vou deter nas súas características.

Está claro que pertenceu a unha necrópole altoimperial, datada entre os séculos I e II, na que se practicaba o rito funerario da incineración, normal na época, que convive con outros tipos de enterramentos. Hai que salientar o feito de que nas proximidades de *Asturica Avgvsta* houbera, polo menos, dúas necrópoles con este tipo de enterramentos.

Este tipo de obxectos son frecuentes en Hispania e na Galia (Sternini 1990, p. 21-27), Italia e a Germania (Harter 1999, p. 86), entre outros países. A finalidade última, por tanto, é a de recuperar unha testemuña arqueolóxica romana que ata agora pasara case desapercibida e contribuír desta forma ao repertorio hispano de pezas desta índole.

ANEXOS

Cartas de M. Macías a R. Blanco-Cicerón (Fondo Blanco-Cicerón, Museo do Pobo Galego).

- 1.- 13 de decembro de 1903, na que pide información detallada e, sobre todo, o informe de Justo Torrens sobre o achado.
- 2.- 2 de xaneiro de 1904, na que acusa recibo das fotos da urna e di que a peza é mellor que a do MAN.
- 3.- 9 de febreiro de 1904, na que pide dimensións do vaso de vidro para o apéndice do libro sobre epigrafía de Astorga.

Anexo 4. Apéndice III de Macías, 1903.

13 Referencias do ano 1935 de Cortés Rivera ao Director da RAH nas que refire diversos achados que revelan a existencia da súa necrópole na que alomenos, había dous conxuntos como o que aquí se trata coa diferenza de que a urna era con asas (Álvarez, Cardito 2000, p.184-185, referencias CALE /9/ 7959/68(3) e (4)).

14 Nun recente artigo sobre o estado da cuestión no Norte e Noroeste peninsulares non hai datos ao respecto (Xusto 2004).

Orense, 13 de Abro. del 903.

S. D. Ricardo Blanco Cicerony

Muy distinguido amigo:
Estoy publicando en libro mi "Epigrafía romana de la ciudad de Astorga", en la cual doy noticia de algunos objetos que allí se han descubierto. Hace dos o tres años apareció una urna funeraria de vidrio, por el título de la que Uld. posee, y con ella una hermosísima lucerna, que fui a parar con la urna al Museo Nacional.

Al mencionar esta, quisiera hacer mención de la de Uld., y para ello, mucho le agradecería que me dijese:

- 1.º En qué sitio y con qué motivo apareció.
- 2.º Cuando la adquirió Uld. y quién la tenía.
- 3.º Si se conserva la tapa de plomo, y
- 4.º Qué dimensiones tiene.


Como recuerdo que Ud. tiene una especie de autógrafo, firmada, si mal no me recuerdo, por D. Justo Forrens, no le será a Ud. difícil complacerme, dándome los datos que le suplica.

El pliego en que he de ir la noticia está ya compuesto, y no lo tiraré hasta no recibir su contestación, que espero me remitirá a la mayor brevedad, dispensándome la noticia.

¿Y cuándo tendremos el gusto de ver a Ud. por aquí? Todos los amigos lo desearán vivamente, para cambiarse impresiones y enseñar a Ud. algunas buenas cosas que hemos adquirido.

Celebraré que continúe Ud. bien de salud, y me repito muy afeto amigo y t. s.
q. r. m. b.

Marcelo María



Orense, Enero 2/1844.

Señor Ricardo Blanco Ciceroni

Mi distinguido amigo:

Oportunamente recibí en gratísima carta
con las fotografías de la urna y los
datos relativos a su venturoso hallazgo.
Gracias, mil gracias por tanta amabi-
lidad y complacencia, y excuso decir
a Ud. cuánto gusto tendría en poder
servir a Ud. en asuntos de nuestras
comunes aficiones, en lo cual, como
en todo lo demás, ya sabe Ud. que
puede disponer de mí como y cuando
le plazca.

Es una hermosísima y dudo
que la aventaje lo que fue a parcer

vida que, por males de nuestros pecados,
 hoy se usa, hay que refugiarse en
 el pasado, cuyos mutilados restos
 se me ocultan más hermosos y amas-
 blas que cuanto me rodea. Será el di-
 fuidora, pero es una difidura que
 deviente, alegra, instruye y entretiene
 honesta y deliciosísimamente.

Todos estos amigos me encargan
 participe a Ud. sus cariñosos recuerdos
 y los vivos deseos que tienen de verle
 por aquí.

Desea a Ud. felicísimas Pascuas y
 muchas venturas y prosperidades en
 el año que ahora empieza, y se
 repite de Ud. afeto amigo y S. S.
 y. s. m. b.

Marcelo Mañay

11/2/904

Urgente

Orense, Febrero 2/904.

Sr. D. Ricardo Blanco Cierón.

Mi distinguido amigo:

Tengo ya en la imprenta la revista de la hermosa urna funeraria, que va por vía de apéndice en mi libro, con el fotograbado correspondiente.

Detengo la tirada hasta que Ud. me diga las dimensiones del vaso de vidrio; pues en su cartón sólo me daba las del recipiente de plomo. Si viera Ud. decirme los centímetros que tiene de alto y los que miden el diámetro de la boca y el del fondo. De eso pues ya me dijo Ud. que tenía 2 mil, menos en el reborde superior.

river, que mide 3 mil.


Dispúese Ud. la nueva moles-
tia, y en espera de su contestación
se repite de Ud. agradecido y
afm. amigo y s. s.
q. v. m. b.

Marcelo A. Maura

APÉNDICE III

URNA CINERARIA DE VIDRIO

ENCONTRADA EN ASTORGA



Esta urna cineraria se compone de un vaso esférico de vidrio azulado, á manera de orza, contenido en otro de plomo, con tapa y de la misma forma, ambos en perfecto estado de conservación, como se ve en la adjunta fotografía, que los representa por separado. El de vidrio, cuyo espesor es de 0'002 m., menos en el reborde de la boca, que tiene 0'003, mide cerca de 0'20 de alto por 0'21 de cabida en

la parte más ancha; el diámetro de la boca es de 0'14 m. y el del fondo, de 0'10. El de plomo tiene de alto 0'23 m. y 0'004 de espesor; la tapa, 0'25 de diámetro, y el fondo, 0'13.

Apareció en Noviembre de 1888, en las inmediaciones de Astorga, y fué adquirida, cuatro ó cinco años después, en León por nuestro querido amigo, el ilustrado arqueólogo y coleccionista de Santiago, D. Ricardo Blanco Cicerón, que la conserva con la mayor estima en su rico museo, y ha tenido la bondad de facilitarnos la fotografía que aquí reproducimos. Las circunstancias del descubrimiento se declaran minuciosamente en el documento que, á modo de auténtica, acompañaba á la urna, cuando la adquirió el Sr. Blanco Cicerón, y que á la letra dice así:

«En Noviembre de 1888, fué hallada esta vasija de vidrio, resguardada ó metida en una funda de plomo, dentro de un sepulcro, al parecer romano, como á un metro de profundidad de la superficie del terreno, por los operarios empleados en la construcción del ferrocarril de Astorga á Plasencia, en el término nombrado Prado Otoño, como á un kilómetro de Astorga, inmediato á la finca de D. Mateo Iturriaga que atraviesa la vía férrea. El sepulcro estaba construido de mampostería por el exterior, y por el interior, forrado de ladrillos cuadrados, de unos 40 centímetros de lado. La vasija contenía un espeso líquido negruzco y una masa informe, que pudo haber sido el cuerpo de alguna criatura, y que arrojaron al próximo río Jerga los que la habían hallado, adquiriendo yo lo demás. Astorga, 24 de Septiembre de 1889.—El Coronel Comandante retirado, *Justo Torrens y Nadal.*»

Esta última parece ser la fecha en que el señor



Torrens se deshizo de tan interesante objeto. La masa informe que á dicho señor le pareció el cuerpo de alguna criatura, y en la que alguien ha creído ver sangrientas reliquias de algún mártir, no era, á nuestro juicio, otra cosa que las cenizas del muerto, recogidas después de la cremación del cadáver, ó quizá huesos calcinados, mezclados con tierra roja hecha barro y endurecida después, como se han encontrado en otras urnas por el estilo de esta, y el espeso líquido negruzco, seguramente se formaría con la humedad filtrada por la boca de la urna, cuya tapa se hallaba simplemente sobrepuesta.

Además de las urnas esféricas de vidrio y de barro ordinario, las había de piedra, sencillas, de forma rectangular, con la tapa en figura de tejado á dos vertientes, y también muy artísticas de mármol, ya de forma esférica, ya cuadradas, ó figurando un monumento arquitectónico, decoradas con primorosas figuras y relieves, á los que solía servir de motivo la cartela que contenía la inscripción en que constaba el nombre del difunto. Algunas de estas urnas de piedra tenían un hueco interior, en el cual se depositaba, dentro de una caja de plomo con tapa, el vaso esférico de vidrio, que contenía las cenizas y á veces también anforitas de perfumes, como la cuadrangular encontrada en Cabeza del Griego, que se conserva en el Museo Arqueológico nacional.

M. M.



BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2013): *O coleccionismo en Galicia entre finais do século XIX e principios do XX. Ricardo Blanco-Cicerón e o seu legado*, Discurso de ingreso na Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, Real Academia de Belas Artes, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F., CASAL GARCÍA, R. (2013): «La Exposición Regional Gallega de 1909: Ricardo Blanco-Cicerón y la arqueología galaica», *VII Reunión sobre escultura romana en Hispania*, Santiago, 37-50.
- ÁLVAREZ-SANCHÍS, J., CARDITO, L. M^a (2000): *Comisión de Antigüedades de la Real Academia de la Historia. Castilla y León. Catálogo e índices*, Real Academia de la Historia, Madrid.
- GARCÍA MARCOS, V., GONZÁLEZ ALONSO, E. (2002): «Historia de la investigación y bibliografía arqueológica de Astorga romana» in *Astorga 1. Contexto geográfico e histórico*, M^a T. Amaré Tafalla (dirección), Universidad de León, 133-191.
- HARTER, G. (1999): *Römische gläser des landesmuseums Mainz*, Wiesbaden.
- ISINGS, C. (1957): *Roman glass from dated finds*, Gröningen- Djakarta.
- LÓPEZ DE LA ORDEN, M. A., (2000): «Urnas cinerarias en la necrópolis romana de Cádiz», *Anuario Arqueológico de Andalucía*.
- LUENGO MARTÍNEZ, J. M. (1962): «Astorga romana (Excavaciones del Plan Nacional 1954-55)», *NAHV* (1956-1961), p. 152-177.
- MACÍAS, M. (1903): *Epigrafía romana de la ciudad de Astorga*, Orense, Apéndice III «Urna cineraria de vidrio encontrada en Astorga», 175-177, foto.
- MAÑANES, T. (1983): *Astorga romana y su entorno: Estudio arqueológico*, Universidad de Valladolid.
- MARTÍN DE LA TORRE, M. (1991): «Urnas cinerarias romanas de vidrio y plomo del Museo Arqueológico Nacional. Madrid», *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* IX, 17-28.
- MIGUÉLEZ RAMOS, C. (1989): *El vidrio romano en el Museo del Puig des Molins*, Eivissa.
- OLIVA PRAT, M. (1950): «Urnas cinerarias de plomo, de Ampurias, en el Museo de Gerona», *MMAPIX-X, 1948-49 (Extractos)*, Madrid, p. 265-283.
- SALINAS PLEGUEZUELO, M^a E. (2003): *El vidrio romano de Córdoba*, Córdoba.
- STERNINI, M. (1990): *La verrerie romaine du Musée Archéologique de Nîmes*, Cahiers des Musées et Monuments de Nîmes n° 8-1.
- VV. AA. (2010): *Exposición Galega de 1909. Conmemoración do 1º Centenario Exposición Regional Gallega, Santiago 1909*, Santiago.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2004): «Vidrio de Gallaecia y del norte peninsular: estado de la cuestión», *Jornadas sobre el vidrio en la España romana (2001, La Granja)*, Real Fábrica de Vidrio de la Granja, p. 225-257.